



ACTA XUNTA DIRECTIVA

As persoas que á marxe se nomean, convocadas en tempo e forma, reúnense o **mércores día 5 de xuño de 2024** vía telemática para trataren a seguinte

D. Manuel Mouzo Méndez

Presidente

D. Gabriel Fernández Vázquez

Vicepresidente Segundo

D. Jose Ramón Castro Varela

Delegado A Coruña

D. Antonio Cortés Araujo

Delegado Ourense

D. Víctor M. Ferreiro Fariña

Delegado Pontevedra

Pte. Comité Spinning Mar Costa

D. Ramón Souto Pérez

Tesoureiro

Subdelegado A Coruña

Pte. Comité Mar Rocha e

Embarcación fondeada

D. Manuel Campos Cruz

Subdelegado Pontevedra

Pte. Comité Mar Costa

D. Juan Ramiro Agra Requeijo

Pte. Comité Salmónidos

D. Benigno F. Rodríguez Bejarano

Pte. Comité Corcheo Mar

D. Pablo de Andrés Vales

Pte. Comité Auga Doce

D. José A. L. Pardo Martín

Pte. Comité Xuíces

D. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

ORDE DO DÍA

1. Campionato Open Autonómico Auga Doce 2024.
2. Salmónidos Xuventude.
3. Rogos e Preguntas.

O Presidente abre a xuntanza ás 21:32 horas do día sinalado no encabezamento.

1.- Campionato Open Autónomico Auga Doce 2024

O Presidente do Comité de Auga Doce informa aos asistentes que; o pasado 02/06/2024 desenvolveuse o primeiro dos dous días previstos para o Campionato Open Autonómico Auga Doce 2024, no encoro de As Conchas (Muiños,) e dos 14 participantes inscritos só apareceron 11 na primeira xornada da competición.

Un dos inscritos non puido ir previo aviso e con xustificación médica de baixa.

Os outros dous non se presentaron, un deles avisou xusto antes do inicio da competición e o outro directamente non apareceu polo escenario, quedando inmediatamente excluídos da competición.

Aínda que tal e como indican as bases da competición colgadas na web da FGPeC:

“O mínimo de participantes para que o campionato se celebre será de 12 deportistas”, debido ao desprazamento e gasto causado ao resto dos 11 participantes, a proba levouse a cabo igualmente nesa primeira xornada.

Debido a este incidente, o Presidente do Comité Auga Doce propón á Xunta Directiva anular o segundo día de competición, pasando a ser definitiva a clasificación do primeiro día ao terse feito o 50% da proba.

Tras debate por parte dos presentes, acordase por unanimidade aceptar a proposta do Presidente do Comité Auga Doce.

2.- Salmónidos Xuventude

Despois dun longo debate por parte dos membros da Xunta Directiva acordase por unanimidade; que a partires deste ano 2024, incluído, nos campionatos nacionais de Salmónidos Mosca Xuventude non se inscribirán acompañantes dos deportistas que teñan os 18 anos cumpridos. Como tampouco se inscribirán acompañantes que pola



súa actitude, feitos ou comentarios, teñan prexudicado a imaxe da Federación Galega de Pesca e Casting ou de calquera dos seus directivos, ou mesmo non actuasen conforme aos intereses e valores que promove Código Ético desta Federación.

3.- Rogos e preguntas.

Debátense outros temas de diversa índole, sen que se medie solicitude expresa de facer constar en Acta.

Esgotada a ORDE DO DÍA, o Presidente da por rematada a xuntanza ás 22:10h.

Eu coma Secretario dou Fe.

Asdo. Juan Manuel Castro Fuentes

Secretario

Vº e Prace:
Manuel Mouzo Méndez
Presidente